

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

#### A árbore do pan

Estábamos na praza cando chegou o señor cura. Viña comendo unha mazá. Deu unha palmada e dixo:

—O que queira gañar unhas pesetas, pode ir á horta de Benxamín e botarlle unha man. Isto si que era unha boa noticia. Benxamín ten maceiras, máis de cen, ou mil, ringleiras de maceiras cos troncos pintados de cal para que non lles suba a peste do pulgón.

As mazás, que son tabardillas, teñen a pel rugosa e o sabor acedo e alegre.

Fomos todos aos pomares. Só quedou Uxío, que tiña un peso e ía ao cine.

Nos pomares xa había xente os temporeiros e mulleres da aldea.

O fillo de Benxamín, e Benxamín, vixiaban a faena.

As mazás había que collelas dunha nunha e encher cestos.

Benxamín dicía:

—Con cariño, que é froita de mesa.

Foi unha festa. Collías mazás, comías mazás, ulías a mazá entre o zunido das abellas atordadas e os gritos, o ir e vir e tanto afán por facer un traballo ben feito.

Rematamos á posta do Sol. De volta á casa, con algúns cartos no peto, cargado de mazás, encontrei a Uxío.

—Fun ao cine —dixo.

Eu dixen:

—Alá ti.

—Unha de indios.

—E que?

Eu tiña outras cousas na cabeza. Quería chegar á casa, ver a mamá e dicirlle:

—Mira o que traio.

Mazás para facer compota, torta, e aínda para poñer algunha a asar no forno, co corazón cheo de azucre torrado.

Juan Farias  
*Desde o corazón da mazá*  
Editorial Tambre

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

1. Por que están pintados de branco os troncos das maceiras?

Para que non lles suba a peste do pulgón.

2. Que son os pomares?

Lugares onde hai moitas maceiras.

3. A tabardilla é un tipo de mazá, que outro tipos coñeces?

Golden, fuji, gala, reineta, verde doncela, etc.

4. Ordena as seguintes oracións segundo ocorran.

4 Volvemos con cartos no peto e mazás

2 Uxío decidiu ir ao cine

3 Foi unha festa. Collemos mazás.

1 Os rapaces estábamos na praza.

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

5. Benxamín di que as mazás hai que collelas «con cariño que é froita de mesa». Que quere dicir? Copia a resposta correcta.

- Hai que darlles un bico.
- Non poden caer, porque senón estráganse.
- Hai que poñelas na mesa.

---

6. Por que cres que o pasaron ben?

Resposta libre.

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

7. Colorea as palabras que pertencen aos mesmos campos semánticos.

Vermello → Instrumentos musicais

Azul → Medios de transporte

Verde → Deporte

balón	raqueta	automóbil	arpa	piano	avión
coche	zapatillas	barco	violín	trompeta	pelota
tren	balón	portería	pandeireta	guitarra	moto

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Literatura

8. Le a seguinte narración.

Carla era unha nena que lle gustaba ir ao bosque a apañar setas, a súas amigas non querían acompañala por medo a que lles aparecera o lobo. Ela dicíalles que non tiña medo, xa que levaba levaba unha cenoria encantada.

Cando o lobo tratou de asustar a Carla ela burlouse del, dicíndolle:

—Non che teño medo! Con isto podo vencerte. —e ensinoulle a cenoria.

—Pois mira o que fago coa túa cenoria! —comeuna dun bocado.

E... zas!!, quedou convertido nunha cabaza.

9. Cal e desenlace da narración?

**E... zas!!, quedou convertido nunha cabaza.**

## Unidade 04. Contacontos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

10. Completa.

O desenlace é a parte na que se **resolve** o que sucede no nó.

11. Escribe unha pequena narración en que apareza o nó e o desenlace. Podes comezar así: **Resposta libre.**

Era unha vez unha rapaza nova que estaba estudando enxeñería en Londres. A súa familia estaba en Galicia, e todos os días falaban polo ordenador. Pero un domingo, ao acender o seu portátil, apareceu unha mensaxe moi rara...

---

---

---

---